

NORMATIVA SOBRE RENOVACIÓNS E INSCRICIÓNS NAS ESCOLAS CULTURAIS E DEPORTIVAS MUNICIPAIS

RENOVACIÓNS

O prazo de renovaci3ns **rematou o pasado 30 de xuño**. Polo que aquelas persoas que non solicitaron renovaci3n deberan presentar a documentaci3n como nova inscrici3n. Aquelas persoas que non desexen continuar nalgunha actividade na que estaban inscritas deben **enviar o formulario de baixa antes do d3a 31 de xullo**.

NOVAS INSCRICI3NS

Do **13 de xullo 3 14 de agosto**.

As solicitudes poden presentarse no rexistro telem3tico, a trav3s da Sede electr3nica do Concello de Bri3n. Estas tam3n se poden entregar de xeito presencial na Oficina de Rexistro da Casa do Concello. Tam3n se poden presentar a trav3s de calquera outro rexistro ao que se refira o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo com3n das AAPP.

Para m3is informaci3n p3dese chamar ao n3mero de tel3fono do Departamento de Cultura e Deportes, o 981 509 908, ou ben enviar un correo electr3nico aos enderezos cultura@concellodebrion.gal e deportes@concellodebrion.gal . En caso de solicitar a inscrici3n en m3is dunha actividade, cubrirase s3 unha folla para todas as actividades.

DATAS E PRAZOS

Unha vez rematado o prazo de inscrici3n, **as listas ser3n publicadas nas seguintes datas**:

- **Lista provisional** de persoas admitidas, non admitidas e lista de agarda: **Semana do 7 de setembro**
- Prazo de **reclamaci3ns**: **ata o 18 de setembro**
- **Lista definitiva** de persoas admitidas, non admitidas e en lista de agarda: **21 de setembro**
- **Inicio das actividades**: **1 de outubro**

A aparici3n na lista definitiva de persoas admitidas implica estar xa matriculado/a na actividade. En caso de non querer asistir a algunha das actividades haber3 que **solicitar a baixa por escrito antes do 15 de outubro**.

As solicitudes de baixa presentaranse no rexistro telem3tico, a trav3s da Sede electr3nica do Concello de Bri3n. Estas tam3n se poden entregar de xeito presencial na Oficina de Rexistro da Casa do Concello. Tam3n se poden presentar a trav3s de

calquera outro rexistro ao que se refira o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das AAPP.

PERIODO EXTRAORDINARIO: 2º CUATRIMESTRE

No caso de quedar prazas libres para o segundo cuadrimestre (febreiro a maio), poderase solicitar a **inscrición nas actividades nas que queden prazas**, pagando só a cota correspondente a este segundo cuadrimestre.

En todo caso, a solicitude deberá presentarse antes do día 1 de febreiro.

Para iniciar a participación na/s actividade/s solicitada/s para o 2º cuadrimestre, a persoa interesada debe ter a confirmación expresa do persoas do departamento de cultura e/ou deportes.

INICIO DAS ACTIVIDADES E PERIODO DE PROBA

As actividades comezan o **1 de outubro** no primeiro cuadrimestre e o **1 de febreiro** no segundo.

Establécese un **período de proba de 15 días**, ata o 15 de outubro e o 15 de febreiro, no que se poderán dar de baixa sen ter que pagar a cota. **As baixas que se tramiten despois** deste período de proba **deberán pagar o prazo correspondente da cota**.

PAGO DAS COTAS

O pago das cotas faise en **dous prazos**.

Para realizar o pago das cotas só hai dúas opcións:

Domiciliación do pago: hai que solicitar e cubrir a folia de domiciliación no momento de facer a solicitude de renovación ou inscrición.

Pago non domiciliado en dúas cotas: as cotas pagaranse nos meses de novembro - decembro e marzo - abril.

Enviaranse por correo postal os recibos para realizar o pago desde o Servizo de tesouraría municipal, **non podendo pagar a cota antes de recibir a comunicación no domicilio**. Na comunicación xa figurarán as instrucións para realizar o pago.

NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO

As **táboas, horarios e lugares de realización das actividades** que presentamos **son orientativas**, podendo sufrir variacións en función da demanda das actividades.

Os grupos de idade son de referencia. Poderíanse realizar **cambios de grupo** en función da **experiencia** na actividade, o **nivel** ou a **progresión** da persoa participante ou do número de persoas inscritas segundo o **criterio do/a monitor/a** da actividade.

Aquelas actividades que non teñan suficiente alumnado inscrito poderán ser suprimidas, polo que o horario poderá ser redistribuído.